$$g_T = 9,8 \text{ m/s}^2$$

$$R_L = 1,7 \cdot 10^6 \text{ m}$$

$$T_T = 2,0 \text{ s}$$

$$g_L$$

$$v_e$$

$$T_L$$

$$G$$

$$F_G = G \frac{M \cdot m}{r^2}$$

$$P = m \cdot g$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$E_p = -G \frac{M \cdot m}{r}$$

$$E = E_c + E_p$$



**Ecuacións**

Período dun péndulo simple de lonxitude  $L$  nun punto onde a aceleración da gravidade é  $g$

$$T = 2\pi \sqrt{\frac{L}{g}}$$

**Solución:**

a) O peso dun obxecto preto da superficie da Terra é a forza coa que a Terra o atrae:

$$m g_T = G \frac{M_T m}{R_T^2}$$

Analogamente para a Lúa:

$$m g_L = G \frac{M_L m}{R_L^2}$$

Dividindo a segunda ecuación entre a primeira, queda:

$$\frac{m \cdot g_L}{m \cdot g_T} = \frac{G \frac{M_L \cdot m}{R_L^2}}{G \frac{M_T \cdot m}{R_T^2}}$$

$$\frac{g_L}{g_T} = \frac{M_L / M_T}{(R_L / R_T)^2} = \frac{0,012}{0,27^2} = 0,16$$

Despexando:

$$g_L = 0,16 \cdot 9,8 \text{ [m/s}^2\text{]} = 1,6 \text{ m/s}^2$$

*Análise: O resultado é razoable, xa que sabemos que a gravidade na superficie da Lúa é unhas 6 veces menor que na superficie da Terra.*

A velocidade de escape dun astro é a velocidade mínima adicional que habería que comunicar a un corpo sometido ó seu campo gravitacional, para situalo nun punto no que non estea sometido a devandita atracción, a unha distancia infinita do centro del astro.

A velocidade de escape proporcionaríalle a enerxía,  $\Delta E$ , necesaria para situalo no infinito.

$$\Delta E = (E_c + E_p)_\infty - (E_c + E_p)_1$$

No infinito a enerxía potencial é nula, porque tómasse coma orixe de enerxías potenciais.

Tendo en conta que velocidade de escape é a velocidade mínima, a enerxía cinética que tería o obxecto no infinito sería nula.

A enerxía mecánica, suma das enerxías cinética e potencial, no infinito sería nula:

$$E_\infty = (E_c + E_p)_\infty = 0 + 0 = 0$$

A enerxía potencial dun corpo de masa  $m$  situado na superficie dun astro de masa  $M$  e radio  $R$  é:

$$E_p = -G \frac{M \cdot m}{R}$$

Se o corpo atópase na superficie do astro, en repouso respecto do chan, a súa enerxía cinética é nula.

A enerxía mecánica na superficie do astro sería:

$$E_s = (E_c + E_p)_s = 0 + \left( -G \frac{M \cdot m}{R} \right) = -G \frac{M \cdot m}{R}$$

A velocidade de escape  $v_e$  comunicaríalle a enerxía  $\Delta E$  necesaria para situalo no infinito.

$$\Delta E = \frac{1}{2} m \cdot v_e^2 = (E_c + E_p)_\infty - (E_c + E_p)_s$$

$$\frac{1}{2} m v_e^2 = 0 - \left( -G \frac{M \cdot m}{R} \right) = G \frac{M \cdot m}{R}$$

Despexando a velocidade de escape, queda:

$$v_e = \sqrt{2 G \frac{M}{R}}$$

Cando non se teñen os datos da constante da gravitación universal,  $G$ , ou da masa do astro,  $M$ , pero si do valor da aceleración da gravidade na súa superficie, pódese encontrar unha relación entre elas, usando que, na superficie do astro, o peso dun corpo,  $m \cdot g_0$ , é igual á forza gravitacional:

$$m g_0 = G \frac{M \cdot m}{R^2}$$

$R$  representa o raio de astro e  $g_0$  o valor da aceleración da gravidade na súa superficie.

A relación é:

$$G \cdot M = g_0 \cdot R^2$$

b) A velocidade de escape na Lúa obtense substituíndo  $G \cdot M$  por  $g_0 \cdot R^2$ , e os valores dos datos:

$$v_e = \sqrt{\frac{2 G M_L}{R_L}} = \sqrt{\frac{2 g_L R_L^2}{R_L}} = \sqrt{2 g_L R_L} = \sqrt{2 \cdot 1,6 \text{ [m/s}^2\text{]} \cdot 1,7 \cdot 10^6 \text{ [m]}} = 2,3 \cdot 10^3 \text{ m/s} = 2,3 \text{ km/s}$$

c) O período,  $T$ , dun péndulo de lonxitude  $L$  nun lugar onde a gravidade é  $g$ , vén dado pola ecuación:

$$T = 2\pi \sqrt{\frac{L}{g}}$$

Dividindo as expresións correspondentes á Terra e a Lúa, queda:

$$\frac{T_L}{T_T} = \frac{2\pi \sqrt{\frac{L}{g_L}}}{2\pi \sqrt{\frac{L}{g_T}}} = \sqrt{\frac{g_T}{g_L}} = \sqrt{\frac{9,8}{1,6}} = 2,5$$

Substitúese o dato  $T_T = 2,0$  s:

$$T_L = 2,5 \cdot 2,0 \text{ [s]} = 4,9 \text{ s}$$

*Análise: O resultado é razoable. A gravidade na superficie da Lúa é menor que na superficie da Terra, e canto máis pequena, máis lentamente se move o péndulo e maior é o seu período.*

## ● Masas puntuais

- Dúas masas de 150 kg están situadas en A(0, 0) e B(12, 0) metros. Calcula:
  - O vector campo e o potencial gravitacional en C(6, 0) e D(6, 8).
  - Se unha masa de 2 kg posúe no punto D unha velocidade de  $-10^{-4} \hat{j}$  m/s, calcula a súa velocidade no punto C.
  - Razoa se o movemento entre C e D é rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado, ou de calquera outro tipo.

Dato:  $G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$ .

(P.A.U. xuño 14)

**Rta.:** a)  $\vec{g}_C = \vec{0}$ ;  $\vec{g}_D = -1,6 \cdot 10^{-10} \hat{j}$  N/kg;  $V_C = -3,34 \cdot 10^{-9}$  J/kg;  $V_D = -2,00 \cdot 10^{-9}$  J/kg; b)  $\vec{v} = -1,13 \cdot 10^{-4} \hat{j}$  m/s.

### **Datos**

Cada unha das masas no eixo X  
 Vector de posición da masa en A  
 Vector de posición da masa en B  
 Vector de posición do punto C  
 Vector de posición do punto D  
 Masa no punto D  
 Velocidade no punto D  
 Constante da gravitación universal

### **Cifras significativas: 3**

$M_A = M_B = M = 150$  kg  
 $\vec{r}_A = (-0, 0)$  m  
 $\vec{r}_B = (12,0, 0)$  m  
 $\vec{r}_C = (6,00, 0)$  m  
 $\vec{r}_D = (6,00, 8,00)$  m  
 $m_D = 2,00$  kg  
 $\vec{v}_D = -1,00 \cdot 10^{-4} \hat{j}$  m/s  
 $G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$

**Incógnitas**

Campo gravitacional en C e en D  
 Potencial gravitacional en C e en D  
 Velocidade en C da masa que sae de D

$\vec{g}_C, \vec{g}_D$   
 $V_C, V_D$   
 $v_C$

**Ecuacións**

Lei de Newton da gravitación universal  
 (forza que exerce cada masa puntual sobre cada unha das outras)  
 2.ª lei de Newton da Dinámica

$$\vec{F}_G = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

$$\vec{g} = \frac{\vec{F}_G}{m} = -G \frac{M}{r^2} \vec{u}_r$$

$$V = -G \frac{M}{r}$$

$$E_p = m \cdot V = -G \frac{M \cdot m}{r}$$

Campo gravitacional nun punto a unha distancia,  $r$ , dunha masa,  $M$

Potencial gravitacional nun punto a unha distancia,  $r$ , dunha masa,  $M$

Enerxía potencial gravitacional (referida ao infinito)

Trabalho do campo cando se despraza unha masa desde o punto 1 ao punto 2


Enerxía cinética dunha masa,  $m$ , que se move cunha velocidade,  $v$

$$W_{1 \rightarrow 2} = E_{p1} - E_{p2} = -\Delta E_p$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

**Solución:**

a) Faise un debuxo no que se sitúan os puntos A(0, 0), B(12, 0) e C(6, 0). Debúxanse os vectores de campo gravitacional creados polas masas no punto C, un vector por cada masa. Dado que os seus valores son iguais, porque as masas e as distancias son iguais, os vectores terán a mesma medida e, polo tanto, a resultante será cero.



Os cálculos realízanse a continuación, pero non son necesarios.

A distancia do punto A ao punto C é:  $r_{AC} = |(6,00, 0) [m] - (0, 0)| = 6,00$  m.

O vector unitario do punto C, tomando coma orixe o punto A, é  $\vec{i}$ , o vector unitario do eixe X.

Calcúlase o campo gravitacional no punto C creado pola masa situada no punto A:

$$\vec{g}_{CA} = -G \frac{M_A}{r_{AC}^2} \vec{u}_r = -6,67 \cdot 10^{-11} [N \cdot m^2 \cdot kg^{-2}] \frac{150,0 [kg]}{(6,00 [m])^2} \vec{i} = -2,78 \cdot 10^{-10} \vec{i} \text{ N/kg}$$

O campo gravitacional no punto C, creado pola masa situada no punto B é simétrico ao creado pola masa situada no punto A:

$$\vec{g}_{CB} = 2,78 \cdot 10^{-10} \vec{i} \text{ N/kg}$$

Pelo principio de superposición, o campo resultante no punto C é a suma vectorial dos campos creados neste punto por cada masa.

$$\vec{g}_C = \vec{g}_{CA} + \vec{g}_{CB} = \vec{0}$$

Faise un debuxo no que se sitúan os puntos A(0, 0), B(12, 0) e D(6, 8). Debúxanse os vectores de campo gravitacional creados polas masas no punto D, un vector por cada masa.

Como os seus valores son os mesmos, porque as masas e as distancias son iguais, os vectores serán da mesma medida.


Debúxase o vector suma, que é o campo resultante,  $\vec{g}_D$ .

As compoñentes horizontais dos campos creados polas masas cancelan e a resultante dirixirase na dirección negativa do eixe Y. O valor da resultante será a suma das compoñentes verticais de cada campo e, ao ser dous deles, o vector campo resultante medirá o dobre da compoñente vertical dun deles.

Calcúlase a distancia do punto A ao punto D:

$$r_{AD} = |\vec{r}_{AD}| = |\vec{r}_D - \vec{r}_A| = |6,00 \vec{i} + 8,00 \vec{j}| = \sqrt{(6,00 [m])^2 + (8,00 [m])^2} = 10,0 \text{ m}$$

Calcúlase o vector unitario do punto D tomando como orixe o punto A.



$$\vec{u}_{AD} = \frac{\vec{r}_{AD}}{|\vec{r}_{AD}|} = \frac{(6,00 \vec{i} + 8,00 \vec{j}) \text{ [m]}}{10,0 \text{ [m]}} = 0,600 \vec{i} + 0,800 \vec{j}$$

Calcúlase o campo gravitacional no punto D creado pola masa situada no punto A:

$$\vec{g}_{DA} = -G \frac{M}{r^2} \vec{u}_r = -6,67 \cdot 10^{-11} \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{150 \text{ [kg]}}{(10,0 \text{ [m]})^2} (0,600 \vec{i} + 0,800 \vec{j}) = (-6,00 \cdot 10^{-11} \vec{i} - 8,00 \cdot 10^{-11} \vec{j}) \text{ N/kg}$$

O campo gravitacional no punto D, creado pola masa situada no punto B, é simétrico ao do punto A. Os valores dos seus compoñentes son iguais, pero o signo da compoñente horizontal é oposto, porque está dirixido en sentido contrario:

$$\vec{g}_{DB} = (6,00 \cdot 10^{-11} \vec{i} - 8,00 \cdot 10^{-11} \vec{j}) \text{ N/kg}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto C é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada masa.

$$\vec{g}_D = \vec{g}_{DA} + \vec{g}_{DB} = -1,60 \cdot 10^{-10} \vec{j} \text{ N/kg}$$

O potencial gravitacional nun punto, debido á presenza de varias masas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada masa, coma se o resto das masas non estivese presente.

Para determinar o potencial gravitacional nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada masa, e despois súmanse.

A ecuación do potencial gravitacional,  $V$ , nun punto situado a unha distancia,  $r$ , dunha masa puntual,  $Q$ , é:

$$V = -G \frac{M}{r}$$

$G$  é a constante da gravitación universal.

Calcúlase o potencial gravitacional no punto C, creado pola masa situada no punto A:

$$V_{CA} = -G \frac{M}{r_{AC}} = -6,67 \cdot 10^{-11} \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{150,0 \text{ [kg]}}{6,00 \text{ [m]}} = -1,17 \cdot 10^{-9} \text{ J/kg}$$

O potencial gravitacional no punto C, creado pola masa situada no punto B, vale o mesmo, porque a masa e a distancia son iguais.

O potencial gravitacional no punto C é a suma:

$$V_C = V_{CA} + V_{CB} = 2 V_{CA} = 2 \cdot (-1,17 \cdot 10^{-9} \text{ [J/kg]}) = -3,34 \cdot 10^{-9} \text{ J/kg}$$

Calcúlase o potencial gravitacional no punto D creado pola masa situada no punto A:

$$V_{DA} = -G \frac{M}{r_{AD}} = -6,67 \cdot 10^{-11} \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{150,0 \text{ [kg]}}{10,0 \text{ [m]}} = -1,00 \cdot 10^{-9} \text{ J/kg}$$

O potencial gravitacional no punto D, creado pola masa situada no punto B, vale o mesmo, porque a masa e a distancia son iguais.

O potencial gravitacional do punto D é a suma:

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} = 2 V_{DA} = 2 \cdot (-1,00 \cdot 10^{-9} \text{ [J/kg]}) = -2,00 \cdot 10^{-9} \text{ J/kg}$$

b) Xa que a aceleración non é constante, non se pode resolver dunha maneira sinxela por cinemática. (Non se pode usar a ecuación  $\vec{r} = \vec{r}_0 + \vec{v}_0 t + \frac{1}{2} \vec{a} t^2$ , que só é válida se o vector aceleración,  $\vec{a}$ , é un vector constante).

Como o campo gravitacional é un campo conservativo, aplícase o principio de conservación da enerxía mecánica aos puntos C e D.

$$(E_c + E_p)_C = (E_c + E_p)_D$$

$$\frac{1}{2} m \cdot v_C^2 + 2 \left( -G \frac{M \cdot m}{r_{AC}} \right) = \frac{1}{2} m \cdot v_D^2 + 2 \left( -G \frac{M \cdot m}{r_{AD}} \right)$$

Despexando o valor da velocidade en C, queda:

$$v_C = \sqrt{v_D^2 + 4GM \left( \frac{1}{r_{AC}} - \frac{1}{r_{AD}} \right)} =$$

$$= \sqrt{(1,00 \cdot 10^{-4} [\text{m/s}])^2 + 4 \cdot 6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \cdot 150 [\text{kg}] \left( \frac{1}{6,00 [\text{m}]} - \frac{1}{10,0 [\text{m}]} \right)} = 1,13 \cdot 10^{-4} \text{ m/s}$$

Como a velocidade é un vector, hai que deducir a dirección e sentido.

Como tanto a aceleración como a velocidade no punto D teñen a dirección do eixo Y en sentido negativo, a dirección da velocidade no punto C é a do eixo Y en sentido negativo

$$\vec{v}_C = -1,13 \cdot 10^{-4} \vec{j} \text{ m/s}$$

*Análise: O valor da velocidade é moi pequeno, pero isto é lóxico, se temos en conta que a forza gravitacional é unha forza de moi baixa intensidade (se as masas non son de tipo planetario).*

c) A aceleración da masa que se move de D a C está dirixida en todo momento cara a C. Como a velocidade en D tamén tiña esa dirección, o movemento é rectilíneo, paralelo ao eixo Y. Pero o valor do campo gravitacional nos puntos polos que pasa a masa que se move non é constante. Vemos que non é o mesmo no punto C que no punto D. Por tanto a aceleración non é constante.

O movemento é rectilíneo e acelerado, pero con aceleración variable.

O que segue é a demostración da relación entre o campo gravitacional, que vale o mesmo que a aceleración, e a coordenada y nos puntos polos que pasa a masa móbil entre D e C.

Para un punto G calquera entre C e D, o campo gravitacional creado pola masa situada en A é:

$$\vec{g}_{GA} = -G \frac{M}{r_{AG}^2} \vec{u}_r = -6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{150 [\text{kg}]}{(\sqrt{6,00^2 + y_G^2} [\text{m}])^2} \frac{(6,00 \vec{i} + y_G \vec{j}) [\text{m}]}{\sqrt{6,00^2 + y_G^2} [\text{m}]}$$

Por simetría, o campo creado nese punto G pola masa situada en B é:

$$\vec{g}_{GB} = -6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{150 [\text{kg}]}{(\sqrt{6,00^2 + y_G^2} [\text{m}])^2} \frac{(-6,00 \vec{i} + y_G \vec{j}) [\text{m}]}{\sqrt{6,00^2 + y_G^2} [\text{m}]}$$

O vector resultante valería

$$\vec{g}_G = \vec{g}_{GA} + \vec{g}_{GB} = -6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{150 [\text{kg}]}{((6,00^2 + y_G^2)^{3/2} [\text{m}]^3)} (2y_G \vec{j}) [\text{m}]$$

$$\vec{g}_G = \frac{-2,00 \cdot 10^{-8} y_G}{(6,00^2 + y_G^2)^{3/2}} \vec{j} [\text{N/m}]$$

2. Tres masas de 100 kg están situadas nos puntos A(0, 0), B(2, 0), C(1,  $\sqrt{3}$ ) (en metros). Calcula:

- O campo gravitacional creado por estas masas no punto D(1, 0)
- A enerxía potencial que tería unha masa de 5 kg situada en D.
- Quen tería que realizar traballo para trasladar esa masa desde D ao infinito, o campo ou forzas externas?

Dato:  $G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$ .

(P.A.U. set. 09)

**Rta.:** a)  $\vec{g}_D = 2,22 \cdot 10^{-9} \vec{j} \text{ N/kg}$ ; b)  $E_p = -8,60 \cdot 10^{-8} \text{ J}$ ; c) externas.

### Datos

Masa de cada un dos corpos

Vector de posición da masa en A

Vector de posición da masa en B

Vector de posición da masa en C

Vector de posición do punto D

Masa no punto D

Constante da gravitación universal

### Incógnitas

Vector campo gravitacional no punto D

Enerxía potencial gravitacional no punto D

### Cifras significativas: 3

$M_A = M_B = M_C = M = 100 \text{ kg}$

$\vec{r}_A = (0,00, 0,00) \text{ m}$

$\vec{r}_B = (2,00, 0,00) \text{ m}$

$\vec{r}_C = (1,00, 1,73) \text{ m}$

$\vec{r}_D = (1,00, 0,00) \text{ m}$

$m_D = 5,00 \text{ kg}$

$G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$

$\vec{g}_D$

$E_{pD}$

**Ecuacións**

Lei de Newton da gravitación universal (aplicada á forza que exerce cada masa puntual sobre cada unha das outras)  $\vec{F} = -G \frac{M m}{r^2} \vec{u}_r$

Campo gravitacional nun punto a unha distancia,  $r$ , dunha masa,  $M$   $\vec{g} = \frac{\vec{F}}{m} = -G \frac{M}{r^2} \vec{u}_r$

Potencial gravitacional nun punto a unha distancia,  $r$ , dunha masa,  $M$   $V = -G \frac{M}{r}$

Energía potencial gravitacional (referida ao infinito)  $E_p = m \cdot V = -G \frac{M \cdot m}{r}$

Traballo do campo cando se despraza unha masa desde o punto 1 ao punto 2  $W_{1 \rightarrow 2} = E_{p1} - E_{p2} = -\Delta E_p$

**Solución:**

a) Faixe un debuxo no que se sitúan os puntos A(0, 0), B(2, 0), C(1, 1,7) e D(1, 0). Debúxanse os vectores de campo gravitacional creados polas masas no punto D, un vector por cada masa.


Os valores dos campos producidos polas masas situadas nos puntos A e B son iguais, porque as masas e as distancias son iguais. Os vectores serán da mesma medida, e anularanse entre si.

O vector suma, que é o campo resultante,  $\vec{g}_D$ , coincide co vector campo producido pola masa situada no punto C.

O principio de superposición di que a intensidade de campo gravitacional nun punto, debido á presenza de varias masas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada masa, coma se o resto das masas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada masa, e despois súmanse os vectores.

A forza de atracción gravitacional entre dúas masas puntuais ou esféricas,  $M$  e  $m$ , vén dada pola lei da gravitación de Newton.  $G$  é a constante da gravitación universal e  $\vec{u}_r$  o vector unitario na liña que une as masas.



$$\vec{F} = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo gravitacional nun punto situado a unha distancia,  $r$ , dunha masa puntual,  $M$ , é a forza sobre a unidade de masa situada nese punto.

$$\vec{g} = \frac{\vec{F}}{m} = \frac{-G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r}{m} = -G \frac{M}{r^2} \vec{u}_r$$

A distancia do punto A ao punto D é:  $r_{AD} = |(1,00, 0) \text{ [m]} - (0, 0) \text{ [m]}| = 1,00 \text{ m}$ .

O vector unitario do punto D, tomando coma orixe o punto A, é  $\vec{i}$ , o vector unitario do eixe X.

Calcúlase o campo gravitacional no punto D, creado pola masa de 100 kg situada no punto A:

$$\vec{g}_{DA} = -6,67 \cdot 10^{-11} \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \text{kg}^{-2}] \cdot \frac{100 \text{ [kg]}}{(1,00 \text{ [m]})^2} \vec{i} = -6,67 \cdot 10^{-9} \vec{i} \text{ N/kg}$$

O campo gravitacional no punto D, creado pola masa situada no punto B, é simétrico ao creado pola masa situada no punto A:

$$\vec{g}_{DB} = 6,67 \cdot 10^{-9} \vec{i} \text{ N/kg}$$

A distancia do punto C ao punto D é:  $r_{CD} = |(1,00, 0) \text{ [m]} - (1, 1,73) \text{ [m]}| = 1,73 \text{ m}$ .

O vector unitario do punto D, tomando coma orixe o punto C, é  $-\vec{j}$ , o vector unitario do eixe Y en sentido negativo.

Calcúlase a intensidade de campo gravitacional no punto D creado pola masa situada no punto C:

$$\vec{g}_{DC} = -6,67 \cdot 10^{-11} \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \text{kg}^{-2}] \cdot \frac{100 \text{ [kg]}}{(1,73 \text{ [m]})^2} (-\vec{j}) = 2,22 \cdot 10^{-9} \vec{j} \text{ N/kg}$$

Polo principio de superposición o campo resultante no punto D é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada masa.

$$\vec{g}_D = \vec{g}_{DA} + \vec{g}_{DB} + \vec{g}_{DC} = 2,22 \cdot 10^{-9} \vec{j} \text{ N/kg}$$

b) A enerxía potencial gravitacional dunha masa  $m$  situada nun punto, debida á influencia de varias masas  $M_i$ , cada unha delas a unha distancia  $r_i$  do punto, é a suma das enerxías potenciais de cada unha das interaccións da masa  $m$  con cada unha das masas  $M_i$ . Pero pódese tamén calcular a enerxía potencial a partir da definición de potencial gravitacional do punto onde se atopa a masa  $m$ :

$$E_p = m \cdot V$$

O potencial gravitacional nun punto, debido á presenza de varias masas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada masa, coma se o resto das masas non estivese presente.

Para determinar o potencial gravitacional nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada masa, e despois súmanse.

$$V = \sum \left( -G \frac{M_i}{r_i} \right) = -G \sum \frac{M_i}{r_i}$$

Se as masas  $M_i$  son todas iguais, ( $M = M_i$ ) entón queda:

$$V = -G M \sum \frac{1}{r_i}$$

A expresión da enerxía potencial sería:

$$E_p = -G M m \sum \frac{1}{r_i}$$

$$E_p = -6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \cdot 100 [\text{kg}] \cdot 5,00 [\text{kg}] \left( \frac{1}{1 [\text{m}]} + \frac{1}{1 [\text{m}]} + \frac{1}{1,73 [\text{m}]} \right) = -8,60 \cdot 10^{-8} \text{ J}$$

c)

O campo gravitacional é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha masa se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial,  $E_p$ , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha masa entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial gravitacional, que é igual á enerxía potencial da unidade de masa.

$$V = \frac{E_p}{m}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha masa se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = m \cdot V_A - m \cdot V_B = m (V_A - V_B)$$

O traballo da resultante das forzas gravitacionais cando leva a masa en D ata o infinito, sen variación de enerxía cinética (suponse), é igual á diferenza (cambiada de signo) de enerxía potencial que posúe a masa de 5,00 kg neses dous puntos. Por definición, a enerxía potencial (e o potencial) no infinito é nula, polo que:

$$W_{D \rightarrow \infty} = -\Delta E_p = -(E_{p\infty} - E_{pD}) = E_{pD} - E_{p\infty} = E_{pD} = -8,60 \cdot 10^{-8} \text{ J}$$

Por tanto, o traballo das forzas gravitacionais é negativo, (a forza do campo oponse ao desprazamento cara ao infinito) e o traballo deberá facelo algunha forza externa.

3. Dúas masas de 50 kg están situadas en A(-30, 0) e B(30, 0) respectivamente (coordenadas en metros). Calcula:
  - a) O campo gravitacional en P(0, 40) e en D(0, 0).
  - b) O potencial gravitacional en P e D.
  - c) Para unha masa  $m$ , onde é maior a enerxía potencial gravitacional, en P ou en D?

Datos:  $G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$ . (P.A.U. set. 08)  
 Rta.: a)  $\vec{g}_P = -2,13 \cdot 10^{-12} \vec{j} \text{ N/kg}$ ;  $\vec{g}_D = \vec{0}$ ; b)  $V_P = -1,33 \cdot 10^{-10} \text{ J/kg}$ ;  $V_D = -2,22 \cdot 10^{-10} \text{ J/kg}$ ; c) En P.

**Datos**

Cada unha das masas no eixo X  
 Vector de posición da masa en A  
 Vector de posición da masa en B  
 Vector de posición do punto P  
 Vector de posición do punto D  
 Constante da gravitación universal

**Incógnitas**

Campo gravitacional en P e en D  
 Potencial gravitacional en P e en D

**Ecuacións**

Lei de Newton da gravitación universal  
 (forza que exerce cada masa puntual sobre cada unha das outras)

2.ª lei de Newton da Dinámica

Campo gravitacional nun punto a unha distancia,  $r$ , dunha masa,  $M$

Potencial gravitacional nun punto a unha distancia,  $r$ , dunha masa,  $M$

Energía potencial gravitacional (referida ao infinito)

**Cifras significativas: 3**

$M_A = M_B = M = 50,0 \text{ kg}$   
 $\vec{r}_A = (-30, 0, 0) \text{ m}$   
 $\vec{r}_B = (30, 0, 0) \text{ m}$   
 $\vec{r}_P = (0, 40, 0) \text{ m}$   
 $\vec{r}_D = (0, 0) \text{ m}$   
 $G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$

$\vec{g}_P, \vec{g}_D$   
 $V_P, V_D$

$$\vec{F}_G = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

$$\vec{g} = \frac{\vec{F}_G}{m} = -G \frac{M}{r^2} \vec{u}_r$$

$$V = -G \frac{M}{r}$$

$$E_p = m \cdot V = -G \frac{M \cdot m}{r}$$

**Solución:**

a) Faise un debuxo no que se sitúan os puntos A(-30, 0), B(30, 0) e P(0, 40). Debúxanse os vectores de campo gravitacional creados polas masas no punto P, un vector por cada masa.

Como os seus valores son os mesmos, porque as masas e as distancias son iguais, os vectores serán da mesma medida.

Debúxase o vector suma, que é o campo resultante,  $\vec{g}_P$ .

As compoñentes horizontais dos campos creados polas masas cancelan e a resultante dirixirase na dirección negativa do eixe Y. O valor da resultante será a suma das compoñentes verticais de cada campo e, ao ser dous deles, o vector campo resultante medirá o dobre da compoñente vertical dun deles.

O principio de superposición di que a intensidade de campo gravitacional nun punto, debido á presenza de varias masas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada masa, coma se o resto das masas non estivese presente. Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada masa, e despois súmanse os vectores.


A forza de atracción gravitacional entre dúas masas puntuais ou esféricas,  $M$  e  $m$ , vén dada pola lei da gravitación de Newton.  $G$  é a constante da gravitación universal e  $\vec{u}_r$  o vector unitario na liña que une as masas.

$$\vec{F} = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo gravitacional nun punto situado a unha distancia,  $r$ , dunha masa puntual,  $M$ , é a forza sobre a unidade de masa situada nese punto.

$$\vec{g} = \frac{\vec{F}}{m} = \frac{-G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r}{m} = -G \frac{M}{r^2} \vec{u}_r$$

Calcúlase a distancia do punto A ao punto P:





$$\vec{r}_{AP} = \vec{r}_P - \vec{r}_A = 40,0 \vec{j} - (-30,0) \vec{i} = 30,0 \vec{i} + 40,0 \vec{j}$$

$$|\vec{r}_{AP}| = \sqrt{(30,0 \text{ [m]})^2 + (40,0 \text{ [m]})^2} = 50,0 \text{ m}$$

Cálculase o vector unitario do punto P tomando como orixe o punto A:

$$\vec{u}_{AP} = \frac{\vec{r}_{AP}}{|\vec{r}_{AP}|} = \frac{(30,0 \vec{i} + 40,0 \vec{j}) \text{ [m]}}{50,0 \text{ [m]}} = 0,600 \vec{i} + 0,800 \vec{j}$$

Cálculase o campo gravitacional no punto P, creado pola masa situada no punto A:


$$\vec{g}_{PA} = -G \frac{M}{r_{AP}^2} \vec{u}_r = -6,67 \cdot 10^{-11} \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{50,0 \text{ [kg]}}{(50,0 \text{ [m]})^2} (0,600 \vec{i} + 0,800 \vec{j}) = (-8,00 \cdot 10^{-13} \vec{i} - 10,7 \cdot 10^{-13} \vec{j}) \text{ N/kg}$$

O campo gravitacional no punto P, creado pola masa situada no punto B, é simétrico ao do punto A. Os valores dos seus compoñentes son iguais, pero o signo da compoñente horizontal é oposto, porque está dirixido en sentido contrario:

$$\vec{g}_{PB} = (8,00 \cdot 10^{-13} \vec{i} - 10,7 \cdot 10^{-13} \vec{j}) \text{ N/kg}$$

Polo principio de superposición, o campo gravitacional resultante no punto P é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada masa.

$$\vec{g}_P = \vec{g}_{PA} + \vec{g}_{PB} = -2,13 \cdot 10^{-12} \vec{j} \text{ N/kg}$$



No punto D(0, 0) os campos gravitacionais que exercen ambas as masas son opostas (mesmo módulo, mesma dirección e sentido contrario), e, por tanto, a resultante é nula.

$$\vec{g}_D = 0 \vec{i} + 0 \vec{j} = \vec{0}$$

b)

O potencial gravitacional nun punto, debido á presenza de varias masas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada masa, coma se o resto das masas non estivese presente.

Para determinar o potencial gravitacional nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada masa, e despois súmanse.

A ecuación do potencial gravitacional,  $V$ , nun punto situado a unha distancia,  $r$ , dunha masa puntual,  $Q$ , é:

$$V = -G \frac{M}{r}$$

$G$  é a constante da gravitación universal.

Cálculase o potencial gravitacional no punto P, creado pola masa situada no punto A:

$$V_{PA} = -G \frac{M}{r_{AP}} = -6,67 \cdot 10^{-11} \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{50,0 \text{ [kg]}}{50,0 \text{ [m]}} = -6,67 \cdot 10^{-11} \text{ J/kg}$$

Por simetría, o potencial creado pola masa situada no punto B vale o mesmo.

O potencial gravitacional no punto P é la suma dos potenciais creados por cada masa:

$$V_P = V_{PA} + V_{PB} = 2 V_{PA} = 2 \cdot (-6,67 \cdot 10^{-11} \text{ [J/kg]}) = -1,33 \cdot 10^{-10} \text{ J/kg}$$

Cálculase o potencial gravitacional no punto D, creado pola masa situada no punto A:

$$V_{DA} = -G \frac{M}{r_{AD}} = -6,67 \cdot 10^{-11} \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{50,0 \text{ [kg]}}{30,0 \text{ [m]}} = -1,11 \cdot 10^{-10} \text{ J/kg}$$

Por simetría, o potencial creado pola masa do punto B vale o mesmo.

A enerxía potencial gravitacional do punto D é a suma:

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} = 2 V_{DA} = 2 \cdot (-1,11 \cdot 10^{-10} \text{ [J/kg]}) = -2,22 \cdot 10^{-10} \text{ J/kg}$$

c) A enerxía potencial dun obxecto de masa  $m$  situado nun punto de potencial  $V$  é proporcional ao potencial do punto:

$$E_p = m \cdot V$$

Canto maior sexa a enerxía potencial do punto, maior será a enerxía potencial do obxecto. Por tanto, a enerxía potencial será maior no punto P ( $-1,33 \cdot 10^{-10} > -2,22 \cdot 10^{-10}$ )

*Análise: Canto máis preto dunha masa atópese un obxecto, menor será a súa enerxía potencial. O punto D está máis preto das masas que o punto P. Un obxecto en D terá menor enerxía potencial que en P.*

## ◇ CUESTIÓNS

### ● Satélites.

1. Arredor dun planeta xiran dous satélites, M e N, cuxos períodos de revolución son 32 e 256 días respectivamente. Se o raio da órbita do satélite M é  $10^4$  km, o raio do satélite N será:
- A)  $4 \cdot 10^4$  km.  
 B)  $1,6 \cdot 10^5$  km.  
 C)  $3,2 \cdot 10^5$  km.

(P.A.U. set. 16)

**Solución:** A

A terceira lei de Kepler di que os cadrados dos períodos,  $T$ , dos planetas no seu movemento arredor do Sol, son directamente proporcionais aos cubos dos semieixes maiores das súas órbitas elípticas.

Se se fai a aproximación de que as órbitas son practicamente circulares de raio  $r$ , a expresión matemática desta lei sería:

$$\frac{T_1^2}{T_2^2} = \frac{r_1^3}{r_2^3}$$

Isto pódese demostrar para órbitas circulares.

A forza gravitacional,  $\vec{F}_G$ , que exerce un astro de masa  $M$  sobre un satélite de masa  $m$  que xira arredor del nunha órbita de radio  $r$ , é unha forza central, está dirixida cara ao astro, e réxese pola lei de Newton da gravitación universal:

$$\vec{F}_G = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

Nesta expresión,  $G$  é a constante da gravitación universal, e  $\vec{u}_r$ , o vector unitario na dirección da liña que une o astro co satélite. En módulos:

$$F_G = G \frac{M \cdot m}{r^2}$$

En moitos casos a traxectoria do satélite é practicamente circular arredor do centro do astro. Como a forza gravitacional é unha forza central, a aceleración só ten compoñente normal,  $a_N$ . Ao non ter aceleración tangencial, o módulo,  $v$ , da velocidade lineal é constante e o movemento é circular uniforme.

A aceleración normal, nun movemento circular uniforme de raio  $r$ , obtense da expresión:

$$a_N = \frac{v^2}{r}$$

Como a forza gravitacional que exerce o astro sobre o satélite é moito maior que calquera outra, pódese considerar que é a única forza que actúa.

$$\Sigma \vec{F} = \vec{F}_G$$

A 2.<sup>a</sup> lei de Newton di que a forza resultante sobre un obxecto produce unha aceleración directamente proporcional á forza, sendo a súa masa,  $m$ , a constante de proporcionalidade.

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

Expresada para os módulos, queda:

$$\left| \sum \vec{F} \right| = m \cdot |\vec{a}|$$

$$F_G = m \cdot a_N$$

Substituíndo a expresión do módulo,  $F_G$ , da forza gravitacional, e a da aceleración normal, queda:

$$G \frac{M \cdot m}{r^2} = m \frac{v^2}{r}$$

Despexando a velocidade orbital do satélite, queda:

$$v = \sqrt{\frac{G \cdot M}{r}}$$

A velocidade nun movemento circular uniforme de raio  $r$  e período  $T$  é:

$$v = \frac{2\pi \cdot r}{T}$$

Igualando esta expresión coa anterior e elevando ao cadrado queda:

$$\left( \frac{2\pi \cdot r}{T} \right)^2 = \frac{G \cdot M}{r}$$

Agrupando termos:

$$4\pi^2 \cdot r^3 = G \cdot M \cdot T^2$$

Para dous planetas, 1 e 2, dividimos as expresións correspondentes:

$$\frac{4\pi^2 \cdot r_1^3}{4\pi^2 \cdot r_2^3} = \frac{G \cdot M \cdot T_1^2}{G \cdot M \cdot T_2^2}$$

$$\frac{T_1^2}{T_2^2} = \frac{R_1^3}{R_2^3} \Rightarrow R_2 = R_1 \sqrt[3]{\frac{T_2^2}{T_1^2}} = 1,00 \cdot 10^4 \text{ [km]} \sqrt[3]{\left( \frac{256 \text{ [días]}}{32 \text{ [días]}} \right)^2} = 4,00 \cdot 10^7 \text{ km}$$

2. Supoñamos que a masa da Lúa diminuíse á metade do seu valor real. Xustifique se a frecuencia con que veríamos a Lúa chea sería:
- Maior que agora.
  - Menor que agora.
  - Igual que agora.

(P.A.U. xuño 16)

**Solución:** C

A [velocidade dun satélite](#) que xira a unha distancia  $r$  arredor do centro dun astro de masa  $M$  é:

$$v = \sqrt{\frac{G \cdot M}{r}}$$

A velocidade é independente da masa do satélite (a Lúa), xa que só depende da masa do astro (a Terra) e do raio da órbita.

A velocidade nun movemento circular uniforme de raio,  $r$ , e período,  $T$ , é:

$$v = \frac{2\pi \cdot r}{T}$$

Como a traxectoria é practicamente circular, se a velocidade e o raio son os mesmos, o período orbital tamén será igual. Como a frecuencia é a inversa do período, tampouco variaría a frecuencia.

3. Un satélite artificial de masa  $m$  que xira arredor da Terra nunha órbita de raio  $r$  ten unha velocidade  $v$ . Se cambia de órbita pasando a outra máis próxima á Terra, a súa velocidade debe:

- A) Aumentar.
- B) Diminuír.
- C) Non necesita cambiar de velocidade.

(P.A.U. xuño 15)

**Solución:** A

A forza gravitacional,  $\vec{F}_G$ , que exerce un astro de masa  $M$  sobre un satélite de masa  $m$  que xira arredor del nunha órbita de radio  $r$ , é unha forza central, está dirixida cara ao astro, e réxese pola lei de Newton da gravitación universal:

$$\vec{F}_G = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

Nesta expresión,  $G$  é a constante da gravitación universal, e  $\vec{u}_r$ , o vector unitario na dirección da liña que une o astro co satélite. En módulos:

$$F_G = G \frac{M \cdot m}{r^2}$$

En moitos casos a traxectoria do satélite é practicamente circular arredor do centro do astro. Como a forza gravitacional é unha forza central, a aceleración só ten compoñente normal,  $a_N$ . Ao non ter aceleración tangencial, o módulo,  $v$ , da velocidade lineal é constante e o movemento é circular uniforme.

A aceleración normal, nun movemento circular uniforme de raio  $r$ , obtense da expresión:

$$a_N = \frac{v^2}{r}$$

Como a forza gravitacional que exerce o astro sobre o satélite é moito maior que calquera outra, pódese considerar que é a única forza que actúa.

$$\Sigma \vec{F} = \vec{F}_G$$

A 2.<sup>a</sup> lei de Newton di que a forza resultante sobre un obxecto produce unha aceleración directamente proporcional á forza, sendo a súa masa,  $m$ , a constante de proporcionalidade.

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

Expresada para os módulos, queda:

$$|\Sigma \vec{F}| = m \cdot |\vec{a}|$$

$$F_G = m \cdot a_N$$

Substituíndo a expresión do módulo,  $F_G$ , da forza gravitacional, e a da aceleración normal, queda:

$$G \frac{M \cdot m}{r^2} = m \frac{v^2}{r}$$

Despexando a velocidade orbital do satélite, queda:

$$v = \sqrt{\frac{G \cdot M}{r}}$$

A velocidade é inversamente proporcional á raíz cadrada do raio da órbita.

Se o raio,  $r$ , é menor, a velocidade,  $v$ , na nova órbita será maior.

4. Un planeta xira arredor do Sol cunha traxectoria elíptica. O punto de devandita traxectoria no que a velocidade orbital do planeta é máxima é:

- A) No punto máis próximo ao Sol.
- B) No punto máis afastado do Sol.
- C) Ningún dos puntos citados.

(P.A.U. set. 14)

**Solución: A**

A velocidade areolar dun planeta é a área que varre o raiovector que une o Sol co planeta na unidade de tempo.

A segunda lei de Kepler pode enunciarse así:

«O raiovector que une o Sol cun planeta varre áreas iguais en tempos iguais»

Nun sistema de referencia co Sol na orixe de coordenadas, a velocidade areolar será a derivada da área varrida polo vector de posición do planeta na unidade de tempo:

$$\vec{v}_A = \frac{d\vec{A}}{dt}$$

A área varrida nun tempo moi pequeno  $dt$ , é a metade do produto vectorial do vector de posición,  $\vec{r}$ , do planeta polo seu vector desprazamento,  $d\vec{r}$ .

$$d\vec{A} = \frac{1}{2}(\vec{r} \times d\vec{r})$$

A velocidade areolar pode expresarse así:

$$\vec{v}_A = \frac{d\vec{A}}{dt} = \frac{1}{2} \frac{\vec{r} \times d\vec{r}}{dt} = \frac{1}{2} \vec{r} \times \frac{d\vec{r}}{dt} = \frac{1}{2} \vec{r} \times \vec{v}$$

Sendo  $\vec{v}$  o vector velocidade do planeta.

Se derivamos  $\vec{v}_A$  respecto ao tempo:

$$\frac{d\vec{v}_A}{dt} = \frac{d\left(\frac{1}{2} \vec{r} \times \vec{v}\right)}{dt} = \frac{1}{2} \frac{d\vec{r}}{dt} \times \vec{v} + \frac{1}{2} \vec{r} \times \frac{d\vec{v}}{dt} = \frac{1}{2} \vec{v} \times \vec{v} + \frac{1}{2} \vec{r} \times \vec{a}$$

O produto vectorial dun vector,  $\vec{v}$ , por si mesmo é cero.

$$|\vec{v} \times \vec{v}| = |\vec{v}| \cdot |\vec{v}| \cdot \sin 0^\circ = 0$$

O vector de posición,  $\vec{r}$ , e o vector forza,  $\vec{F}$ , son paralelos de sentido oposto, e a aceleración,  $\vec{a}$ , ten a mesma dirección e sentido que a forza de atracción entre o Sol e o planeta.

O produto vectorial de dous vectores paralelos tamén é cero, porque o seu módulo vale:

$$|\vec{r} \times \vec{a}| = |\vec{r}| \cdot |\vec{a}| \cdot \sin 180^\circ = 0$$

O resultado é o vector  $\vec{0}$  (cero).

$$\frac{d\vec{v}_A}{dt} = \frac{1}{2} \vec{v} \times \vec{v} + \frac{1}{2} \vec{r} \times \vec{a} = \vec{0} + \vec{0} = \vec{0}$$

Se a derivada é nula, a velocidade areolar é constante.

Como a velocidade areolar é constante, pódese escribir en módulos:

$$|\vec{r}| \cdot |\vec{v}| \cdot \sin \varphi = \text{constante}$$

Desprezando as variacións do ángulo  $\varphi$ , entre o vector de posición e o vector velocidade, canto menor sexa a distancia,  $r$ , entre o planeta e o Sol, maior será a súa velocidade.



O punto da traxectoria no que a velocidade orbital do planeta é máxima é o perihelio, o punto máis próximo ao Sol.

5. Se un satélite artificial describe órbitas circulares arredor da Terra, xustifica cal das seguintes afirmacións é correcta en relación coa súa enerxía mecánica  $E$  e as súas velocidades orbital  $v$  e de escape  $v_e$ :

- A)  $E = 0$ ,  $v = v_e$
- B)  $E < 0$ ,  $v < v_e$
- C)  $E > 0$ ,  $v > v_e$

(P.A.U. xuño 14)

**Solución:** Ningunha



Tal como está enunciada a pregunta, parece que a velocidade de escape del satélite refírese a cando o satélite atópase na órbita. Nese caso a velocidade de escape do satélite en órbita e a súa velocidade orbital coinciden, como se ve a continuación. A opción B non se cumpre.

A velocidade de escape dun astro é a velocidade mínima adicional que habería que comunicar a un corpo sometido ó seu campo gravitacional, para situalo nun punto no que non estea sometido a devandita atracción, a unha distancia infinita do centro do astro.

A velocidade de escape proporcionaríalle a enerxía,  $\Delta E$ , necesaria para situalo no infinito.

$$\Delta E = (E_c + E_p)_\infty - (E_c + E_p)_1$$

No infinito a enerxía potencial é nula, porque tómasse coma orixe de enerxías potenciais.

Tendo en conta que velocidade de escape é a velocidade mínima, a enerxía cinética que tería o obxecto no infinito sería nula.

A enerxía mecánica, suma das enerxías cinética e potencial, no infinito sería nula:

$$E_\infty = (E_c + E_p)_\infty = 0 + 0 = 0$$

A enerxía necesaria sería:

$$\begin{aligned} \Delta E &= \frac{1}{2} m \cdot v_e^2 = (E_c + E_p)_\infty - (E_p)_1 \\ \frac{1}{2} m v_e^2 &= 0 - \left( -G \frac{M \cdot m}{r} \right) = G \frac{M \cdot m}{r} \end{aligned}$$

Despexando, a velocidade de escape dun satélite en órbita, queda:

$$v_{e,o} = \sqrt{2G \frac{M}{r}}$$

Se a dirección de escape é perpendicular á velocidade do satélite, esta é a velocidade perpendicular que hai que proporcionarlle.

Se a dirección de escape é paralela á dirección do movemento do satélite, hai que ter en conta a súa enerxía cinética.

Se o sentido de velocidade de escape fose o mesmo que o de avance do satélite, haberá que proporcionarlle unha velocidade adicional igual á diferenza entre a velocidade de escape e a que xa ten.

A velocidade de escape é igual que a velocidade orbital. Pero ningunha das opcións coincide cos resultados obtidos.  $E < 0$  e  $v = v_e$ .

*Análise: Imaxínome que aínda que a enunciado fala da velocidade de escape do satélite, o autor da cuestión daba por feito que a velocidade de escape referíase a un proxectil na superficie da Terra:  $v_e = \sqrt{2G \frac{M}{R}}$  que dá*

*un valor superior a calquera velocidade orbital  $v = \sqrt{\frac{G \cdot M}{r}}$ , xa que, á parte do factor 2,  $r < R$  (raio da Terra).*

*Nese caso, a opción B sería correcta, pero, na miña opinión non o é.*

Se o corpo atópase na superficie do astro, en repouso respecto do chan, a súa enerxía cinética é nula.

A enerxía mecánica na superficie do astro sería:

$$E_s = (E_c + E_p)_s = 0 + \left( -G \frac{M \cdot m}{R} \right) = -G \frac{M \cdot m}{R}$$

A velocidade de escape  $v_e$  comunicaríalle a enerxía  $\Delta E$  necesaria para situalo no infinito.

$$\begin{aligned} \Delta E &= \frac{1}{2} m \cdot v_e^2 = (E_c + E_p)_\infty - (E_c + E_p)_s \\ \frac{1}{2} m v_e^2 &= 0 - \left( -G \frac{M \cdot m}{R} \right) = G \frac{M \cdot m}{R} \end{aligned}$$

Despexando a velocidade de escape, queda:

$$v_e = \sqrt{2G \frac{M}{R}}$$

A opcións A e B non se cumpren.  
A enerxía mecánica é negativa:  $E < 0$ .

6. Un planeta describe unha órbita plana e elíptica en torno ao Sol. Cal das seguintes magnitudes é constante?

- A) O momento lineal.  
B) A velocidade areolar.  
C) A enerxía cinética.

(P.A.U. xuño 13)

**Solución:** B

A velocidade areolar dun planeta é a área que varre o raiovector que une o Sol co planeta na unidade de tempo.

A segunda lei de Kepler pode enunciarse así:

«O raiovector que une o Sol cun planeta varre áreas iguais en tempos iguais»

Nun sistema de referencia co Sol na orixe de coordenadas, a velocidade areolar será a derivada da área varrida polo vector de posición do planeta na unidade de tempo:

$$\vec{v}_A = \frac{d\vec{A}}{dt}$$

A área varrida nun tempo moi pequeno  $dt$ , é a metade do produto vectorial do vector de posición,  $\vec{r}$ , do planeta polo seu vector desprazamento,  $d\vec{r}$ .

$$d\vec{A} = \frac{1}{2}(\vec{r} \times d\vec{r})$$

A velocidade areolar pode expresarse así:

$$\vec{v}_A = \frac{d\vec{A}}{dt} = \frac{1}{2} \frac{d\vec{r} \times d\vec{r}}{dt} = \frac{1}{2} \vec{r} \times \frac{d\vec{r}}{dt} = \frac{1}{2} \vec{r} \times \vec{v}$$

Sendo  $\vec{v}$  o vector velocidade do planeta.

Se derivamos  $\vec{v}_A$  respecto ao tempo:

$$\frac{d\vec{v}_A}{dt} = \frac{d\left(\frac{1}{2}\vec{r} \times \vec{v}\right)}{dt} = \frac{1}{2} \frac{d\vec{r}}{dt} \times \vec{v} + \frac{1}{2} \vec{r} \times \frac{d\vec{v}}{dt} = \frac{1}{2} \vec{v} \times \vec{v} + \frac{1}{2} \vec{r} \times \vec{a}$$

O produto vectorial dun vector,  $\vec{v}$ , por si mesmo é cero.

$$|\vec{v} \times \vec{v}| = |\vec{v}| \cdot |\vec{v}| \cdot \sin 0^\circ = 0$$

O vector de posición,  $\vec{r}$ , e o vector forza,  $\vec{F}$ , son paralelos de sentido oposto, e a aceleración,  $\vec{a}$ , ten a mesma dirección e sentido que a forza de atracción entre o Sol e o planeta.

O produto vectorial de dous vectores paralelos tamén é cero, porque o seu módulo vale:

$$|\vec{r} \times \vec{a}| = |\vec{r}| \cdot |\vec{a}| \cdot \sin 180^\circ = 0$$

O resultado é o vector  $\vec{0}$  (cero).

$$\frac{d\vec{v}_A}{dt} = \frac{1}{2} \vec{v} \times \vec{v} + \frac{1}{2} \vec{r} \times \vec{a} = \vec{0} + \vec{0} = \vec{0}$$

